

A LAVANDEIRA E O CHASCO

Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

NOME DO DOCUMENTO: MPG_NoCa_0002_003_id532_D
AUDIO DE REFERENCIA: MPG_NoCa_0002_003_id532.mp3
TIPO DE DOCUMENTO: Rexistro directo dun evento. Conto
MATERIAL DISPOÑIBLE: Audio mp3 (editado e dixitalizado pola compiladora)
 Transcrición de texto
DURACIÓN: 0:02:57

DATOS DA RECOLLIDA

- **DATA DA RECOLLIDA:** 1998
- **LOCALIZACIÓN:**
 - Lugar/ aldea/ barrio:** Barro
 - Parroquia:**
 - Concello:** A Estrada
 - Provincia:** Pontevedra
 - País:** Galicia
- **INFORMANTE**
 - Nome:** Miguel Loureiro Ares
 - Idade no momento da recollida:** 50 anos
 - Ocupación:** Nas notas da recolla figura como “mestre de Baiona”
- **RECOLLEDOR/ORA:** Marta Loureiro
- **COMPILADORA:** Camiño Noia Campos
- **COLECCIÓN:** Camiño Noia (NoCa)
- **CLASIFICACIÓN E REFERENCIAS DESTE CONTO NO CATÁLOGO TIPOLÓXICO “CONTOS GALEGOS DE TRADICIÓN ORAL” DE CAMIÑO NOIA:**
 - Título xenérico:** Animais proclaman a paixón de Cristo
 - Tipo:** Contos de animais
 - Subtipo:** Outros animais e obxectos
 - Referencia:** 243A de Boggs



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

CONTEXTO

Durante os anos 90 do século XX, a catedrática emérita e profesora de filoloxía galega María Camiño Noia Campos dirixiu un valioso proxecto de recollida, catalogación e divulgación do conto galego de tradición oral. Neste proceso foi imprescindible a axuda do seu alumnado e de bolseiros, que participaron nas recollidas de campo gravando a persoas que aínda recordaban contos e que ademais sabían contalos. Os traballos, que se realizaron en Galicia e nas áreas de lingua galega de Asturias, León, Zamora e Cáceres, constitúen hoxe unha testemuña única dun rico patrimonio que estaba a piques de desaparecer. O froito de traballar con todo este material plasmouse en varias obras - citadas máis abaixo na bibliografía - nas que Camiño Noia sistematizou a narrativa galega oral de acordo a criterios recoñecidos internacionalmente. Nomeadamente, a súa última obra *Catalogue of Galicia Folktales* - editada pola prestixiosa Kalevala Society de Finlandia - coloca o conto galego dentro da tradición oral europea, dándolle un espazo de referencia no folklore internacional.

O APOI dispón actualmente, grazas á cesión de Camiño Noia, dos materiais orixinais froito das recollidas: a colección completa das gravacións e as transcripcións cos datos de campo. Presentamos o seu material seguindo os criterios do catálogo tipolóxico realizado pola propia compiladora.

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción foi tomada dos documentos cedidos pola compiladora.

Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal e como foron ditas.

BIBLIOGRAFÍA

NOIA CAMPOS, M^a Camiño (2002): *Contos galegos de tradición oral*. Vigo: Nigratrea.

PALABRAS CHAVE

conto, narración, fábula, lenda, lavandeira, chasco

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Sara Santalla Iglesias

TRANSCRICIÓN



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

[Conversa previa entre a recollidora e o informante]:

- *Tesme que contar un conto.*
- *Cóntoche entonces o da lavandeira e máis a do chasco?*
- *O que me contaches antes?*
- *Si.*
- *Si, ese.*

Pois este é un conto que fala de que cando os xudíos iban a prender a Noso Señor, polas aldeas todas preguntándolle á xente si o viran:

- Vistes por aquí a Noso Señor?
- Noon, non o vimos.

Iban a outro lado.

- Ei! Vistes pasar por aquí ó Noso Señor?
- Noon, non o vimos.

E eles non daban con el porque a lavandeira ten un rabo longo e iba detrás do Noso Señor - que iba descalzo - e íballe borrando todo, as pasadas. E entonces, claro, non daban con el. Chegaban a outro lado:

- Vistes pasar por aquí ó Noso Señor?
- Noon non o vimos. Por aquí non pasou.

Hasta que atoparon un chasco ó lado dun camiño.

- Chasco! Viches pasar por aquí ó Noso Señor?

E o chasco:

- Chas, chas, por aí ben vas! Chas, chas, por aí ben vas! - Contestoulle o chasco.

Desde entón a lavandeira é como un animal sagrado, e o chasco é un animal do demo a quen todos os rapaces lle tiran pedradas.

E xa está

[Conversa entre a recolladora e o informante]:

- *Por traidor, non?*
- *Porque díxolle aos xudíos- que o iban a matar – (?) ó Señor. Queríalle mal. Sabes o que é un chasco, non?*
- *Non.*
- *Non o sabes? O chasco é un paxariño pequeno; é como un gorrión, así do color dun gorrión.*
- *Pero vive por aquí?*
- *Si ho, si, hainos por aí abaixo, aí en Trighás hai chascos cantidá. Fan o niño así nos toxos e nos (?), nas xestas... un niño pequeniño, con catro ou cinco ovos así de color verdoso. E comen de todo por aí dos bichiños que hai; comen vermes, comen saltamontes, comen... de todo. Todo o que hai. Para o campo é beneficioso ho, o que pasa que claro, os rapaces conocen a lenda esta entonces empréndena a pedrada limpia con elas. Bueno, nós tamén o facíamos cando éramos rapaces, porque nos contaban estas historias entonces, veña! E na máis.*